

**CONCELLO  
DE VIGO**



ALCALDÍA

Orzamento: 2016

Expediente N.º: 102537/140

Asunto: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Procedemento: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Data de iniciación do expediente: 3 de agosto de 2015

## RESOLUCIÓN

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con data 31 de xullo abriuse a plataforma do MINHAP para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2016.

## ANTECEDENTES

Con data 3 de agosto iniciouse o procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2016.

En cumprimento da providencia de data 3 de agosto de 2015, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2016.

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitiuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

## RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local que servirá de base para a elaboración do Orzamento do ano 2016.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello ao Ministerio de

Facenda e Administracións Públicas polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.


CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.



Handwritten signature with the initials 'LG' in the center.

En Vigo, a 4 de setembro de 2015

O ALCALDE




Large handwritten signature of Abel R. Caballero Álvarez.

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Ante min,

O Secretario,



Handwritten signature of Concepcion Campos Acuña.

Concepcion Campos Acuña